

Núm. exped.	Solicitante	Universid.	Semanas	País	Contía
2008/000492-0	Martínez Fernández, Miguel Ángel				Por falta de documentación
2008/000116-0	Martínez Hervés, Alicia				Por falta de documentación
2008/000407-0	Martínez Montes, M ^ª Carmen				Renuncia do administrado
2008/000613-0	Martínez Redondo, Marcos				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000326-0	Mayer Mayer, Iria				Por falta de documentación
2008/000006-0	Mazas Rodríguez, Cecile				Por falta de documentación
2008/000680-0	Mena Rodríguez, Ángel				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000690-0	Méndez Caldeiro, Beatriz				Por falta de documentación
2008/000526-0	Méndez Varela, María				Por falta de documentación
2008/000586-0	Miranda Barreiro, Carmen				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000065-0	Morgade Valcarcel, Iria				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000556-0	Munín Valcarcel, Adriana				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000695-0	Muñoz Carral, Patricia				Presentación fóra de prazo
2008/000081-0	Muñoz Cociña, Zeltia				Por falta de documentación
2008/000627-0	Muradas Sanromán, Macarena				Por falta de documentación
2008/000231-0	Orois Fernández, María Paz				Por falta de documentación
2008/000286-0	Osorio Conles, Oscar				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000022-0	Otero García, Belén				Por falta de documentación
2008/000016-0	Otero Hermida, Paula				Por falta de documentación
2008/000404-0	Otero Ouro, Marta				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000203-0	Padín Blanco, Estefanía				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000408-0	Painceira Germade, María del Pilar				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000217-0	Pardo Maroño, Daniel				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000696-0	Paz Feijoo, Francisco				Presentación fóra de prazo
2008/000115-0	Peláez Martínez, Sara				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000250-0	Pérez Carrera, Sara				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000066-0	Pérez Coutado, Ariana				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000092-0	Pérez González, Rui				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000671-0	Pérez Martín, Juan Francisco				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000672-0	Pérez Pereira, Alberto				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000645-0	Pérez Peteiro, Berta				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000506-0	Pérez Varela, Ana				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000150-0	Pérez Veites, Diego				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000275-0	Pérez Vila, José Valentín				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000084-0	Piñón Gamallo, Ana Belén				Por falta de documentación
2008/000600-0	Pombal Abalo, Antía				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000529-0	Pousa Rodríguez, Verónica				Por falta de documentación
2008/000313-0	Priegue Mayo, Ismael				Por falta de documentación
2008/000493-0	Prieto Cuba, Silvia				Por falta de documentación
2008/000181-0	Prieto Reges, Susana				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000277-0	Queija Requejo, Victor				Por falta de documentación
2008/000064-0	Quintáns Mene, Maruxa				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000472-0	Quintáns Prado, Jorge				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000652-0	Ramos Mañana, Lydia				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000015-0	Ramos Porto, Pablo				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000520-0	Ramos Rodríguez, Nerea				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000644-0	Rancaño Argul, Isabel				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000090-0	Regodeseves Alonso, Patricia				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000075-0	Regueira Paz, Raquel				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000145-0	Rivas Troitino, Manuel Jesús				Renuncia do administrado
2008/000445-0	Rivera Bua, Martín				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000446-0	Rivera Bua, Pablo Manuel				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000228-0	Rivera Natal, Helena				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000646-0	Rodríguez Barriuso, Irene				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000336-0	Rodríguez Cancela, Laura				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000679-0	Rodríguez Comesaña, Nuria				Por falta de documentación
2008/000572-0	Rodríguez de Dios, Miguel				Por falta de documentación
2008/000328-0	Rodríguez Espasandín, Fernando				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000504-0	Rodríguez Feijoo, Elena				Por falta de documentación
2008/000341-0	Rodríguez Fernández, Lucía				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000566-0	Rodríguez Ferradas, Rubén				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000159-0	Rodríguez Martínez, María				Por falta de documentación
2008/000592-0	Rodríguez Rego, Eloy				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000421-0	Sabucedo Vilaboa, Diego				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000117-0	Sánchez Flores, María				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000565-0	Sánchez Iglesias, Alicia				Por falta de documentación
2008/000335-0	Sánchez López, Laura				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000639-0	Sánchez Valcarce, Tamara				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000689-0	Soto Iglesias, Inmaculada B.				Por falta de documentación
2008/000659-0	Soutelo González, Laura				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000637-0	Suárez Rellán, Eva María				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000093-0	Torrado Mariñas, Laura				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000370-0	Toubes Porto, María Cristina				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000688-0	Ubeira Ricón, Pablo				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000146-0	Ures Gómez, María Inés				Renuncia do administrado
2008/000040-0	Valle Maroto, Silvia María				Por falta de documentación
2008/000687-0	Varela Portela, Cristina				Presentación fóra de prazo
2008/000491-0	Varela Romeu, Sara				Por falta de documentación
2008/000636-0	Vázquez Ferreiro, Cristina				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000601-0	Vázquez Soto, David				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000436-0	Vedia Balañas, Martín				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000444-0	Vega dos Santos, Juan Benito				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000170-0	Velásquez Riaño, Moritz				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000402-0	Vence Fernández, Mónica				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000432-0	Verdalles Guzmán, Luis				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000259-0	Vila Melero, Eva				Por falta de documentación
2008/000681-0	Vilaboa Castro, Lucas				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000621-0	Villanueva Docasal, Noelia				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000152-0	Villar Zamuz, Mar				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000365-0	Villarino Palmaz, Lara				Non se axusta ás bases da convocatoria
2008/000561-0	Yaquimenko Delascio, Tamara				Non se axusta ás bases da convocatoria

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Resolución do 11 de agosto de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se fixan as normas dos sorteos e da venda de permisos de pesca en coutos para a tempada 2009.

Segundo establece o artigo 34 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), os sorteos de permisos de pesca en coutos realizaranse nos servizos provinciais de Conservación da Natureza, segundo a normativa que fixe a Dirección Xeral de Conservación da Natureza para cada tempada.

De conformidade co anterior, as normas dos sorteos de permisos de pesca en coutos para a tempada 2009 serán as seguintes:

Número de sorteos.

En cada servizo provincial de Conservación da Natureza realizaranse dous sorteos, un para permisos de salmón e outro para permisos de troita, incluíndose neste último, de ser o caso, os permisos de reo, de pesca intensiva e de pesca sen morte. Deste xeito, o número total de sorteos será de oito.

Tipos de solicitudes.

Para cada sorteo poderán presentarse solicitudes individuais ou en grupo, cun máximo de tres solicitantes por grupo.

Os impresos de solicitudes estarán dispoñibles nos servizos provinciais de Conservación da Natureza, nesta dirección xeral ou na páxina web:

<http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>

Quen participe só poderá figurar nunha solicitude para cada un dos sorteos.

Presentación das solicitudes.

Poderán presentarse solicitudes escritas no modelo antes sinalado ou por medio dunha aplicación informática dispoñible na páxina web:

<https://www.xunta.es:444/pescafluvial/>

Na admisión de solicitudes aplicaranse as seguintes normas:

1. Solicitudes por escrito.

Presentaranse nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ou mediante calquera dos procedementos descritos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Tanto nas solicitudes individuais coma nas solicitudes en grupo deberá figurar a sinatura de cada solicitante. Así mesmo, a cada solicitude xuntaráse unha copia do DNI de cada solicitante.

As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido pero que sexan recibidas polo servizo provincial logo do sorteo, asignaráselles un número de elección ao final da listaxe.

2. Solicitudes telemáticas.

Para o acceso ao formulario será necesario introducir o número de DNI e mais o da licenza de pesca fluvial, a vixente ou calquera outra de anos anteriores. Para solicitudes en grupo será preciso introducir tanto o número de DNI coma a licenza da totalidade de participantes.

O enderezo para notificacións relacionadas co sorteo será por defecto o que figura na licenza. Non obstante, e para efectos das sucesivas notificacións, o petionario poderá modificar este enderezo na propia páxina web durante o rexistro da súa solicitude.

3. Duplicidade de solicitudes nun mesmo sorteo.

O acceso ás solicitudes telemáticas quedará bloqueado logo de que estea rexistrada unha primeira solicitude.

No caso de que un mesmo DNI conste nunha solicitude telemática e mais nunha solicitude escrita, anularase a solicitude telemática.

No caso de que un mesmo DNI conste en varias solicitudes escritas, anularanse as máis antigas, prevalecendo sempre a última data de rexistro de entrada.

No caso de solicitudes en grupo, as anulacións afectarán unicamente a aqueles DNI repetidos.

Non se considerarán duplicidades cando as solicitudes presentadas teñan por obxecto diferentes sorteos.

4. Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta resolución e rematará o 30 de setembro de 2008 ás 14.00 horas.

5. Consulta da admisión de solicitudes.

As solicitudes admitidas, logo da súa introducción na aplicación informática, poderán ser consultadas na páxina web <https://www.xunta.es:444/pescafluvial/>. Para acceder á consulta unicamente será preciso introducir o número de DNI.

Do 15 ao 27 de outubro haberá un período de reclamacións para todos aqueles que non se atopen nas listas ou que pensen que non están ben introducidos. As ditas reclamacións poderanse facer directamente a través da páxina web da consellería no correspondente punto de reclamacións no propio portal <https://www.xunta.es:444/pescafluvial/>, ou ben por escrito. No caso de presentación telemática, será preciso identificarse introducindo o número de DNI.

Realización dos sorteos.

En cada sorteo, as solicitudes numeraranse correlativamente, comezando polo 1, segundo a orde de entrada na aplicación informática.

Os sorteos serán públicos. Cada sorteo realizarase con tres ou catro bombos, segundo sexa preciso polo número de solicitudes presentadas, correspondendo cada un deles ás unidades, decenas, centenas e milleiros. En cada bombo introduciranse dez números, do 0 ao 9, excepto no que corresponda aos milleiros, no que unicamente se introducirán os números necesarios para cubrir os miles de solicitudes presentadas. Sacarase un número completo formado por tres ou catro bolas segundo proceda. No caso de que o número constituído polas bólas exceda ao que corresponda á última solicitude presentada, procederase a sortear de novo, devolvendo as bólas aos correspondentes bombos e repetindo a operación.

A solicitude que se corresponda co número extraído será a primeira en elixir, continuándose a elección por orde correlativa ata rematar a listaxe e seguir a partir do 1.

Os sorteos terán lugar nos servizos provinciais de Conservación da Natureza o día 14 de novembro de 2008 ás 12.00 horas da mañá.

Resultados dos sorteos.

Os resultados dos sorteos poderán consultarse na páxina web <https://www.xunta.es:444/pescafluvial/>. Para acceder á consulta será preciso introducir o número de DNI.

Así mesmo, a cada solicitante notificaráselle o día e mais o rango horario en que poderá escoller os permisos. No caso de solicitudes en grupo só recibirá a notificación quen figure en primeiro lugar.

Elección de permisos.

Para a elección de permisos, os servizos provinciais establecerán grupos de coutos. A listaxe dos grupos de coutos será exposta no taboleiro de anuncios de cada servizo provincial e na páxina web <https://www.xunta.es:444/pescafluvial/>. Xunto coas notificacións dos resultados dos sorteos remitirase unha copia desta listaxe.

Á hora da escolla, cada solicitante só poderá seleccionar dous permisos en cada grupo de coutos, dos cales só un poderá corresponderse cun sábado, domingo ou festivo. Nos sorteos de salmón de Lugo e Pontevedra só se poderá escoller un permiso por cada grupo de coutos.

Na páxina web <https://www.xunta.es:444/pescafluvial/> poderá consultarse en tempo real o número de permisos dispoñibles en cada couto e para cada xornada de pesca.

A escolla poderá realizarse por calquera dos seguintes medios:

1. Persoalmente no servizo provincial que corresponda, na data e dentro do rango horario que se sinala na notificación.

2. Mediante chamada telefónica ao número que se indique na notificación, na cal tamén se sinalarán a

data e rango horario en que deberá realizarse esta chamada.

3. Directamente na páxina web <https://www.xunta.es:444/pescafluvial/>. Para acceder a este servizo deberase introducir o número de DNI e unha clave subministrada para tal efecto xunto coa notificación do resultado dos sorteos. O servizo de reserva pola internet estará dispoñible para cada usuario na data e rango horario que se sinalen na notificación. Rematado o rango horario sen terse producido a escolla, o usuario non terá dispoñible o servizo durante os horarios de reservas telefónicas, é dicir, en xornadas laborables entre as 9.00 e as 14.00 horas. Fóra deste horario, calquera usuario que non escollese na súa quenda poderá escoller de entre os permisos dispoñibles en cada momento.

Unha vez confirmada unha reserva por calquera dos medios previstos, non poderá ser modificada polo solicitante.

Segunda venda de permisos.

Unha vez rematada a escolla, os permisos sobran-tes e aqueles non retirados nos prazos fixados serán incluídos nun segundo proceso de escolla. Este procedemento será unicamente a través da páxina web <https://www.xunta.es:444/pescafluvial/>, cos mesmos requisitos de acceso que anteriormente. O servizo de reserva pola internet estará dispoñible ininterrompidamente para todos os participantes no sorteo a partir da data e hora de inicio.

Xunto coa notificación dos resultados do sorteo facilitaranse as datas e a hora de comezo e remate da segunda venda e a data previa na que se exporán na páxina web indicada o total dos permisos dispoñibles para esta segunda escolla e que deberá ser, cando menos, tres días antes do comezo da escolla.

As normas, en canto aos grupos de coutos e ao número de permisos por grupo, serán as mesmas que na primeira escolla.

Venda libre.

Os permisos non escollidos e aqueles non retirados nos prazos fixados serán postos á venda nos servizos provinciais de Conservación da Natureza ata 10 días naturais antes do comezo da tempada en cada couto de pesca. Para a adquisición destes permisos non será preciso ter participado no sorteo. Os permisos dispoñibles para a venda libre estarán colgados na páxina web citada con cando menos tres días de antelación á data de posta á venda.

Manteranse as mesmas normas que no sorteo, non obstante, os límites en canto ao número de permisos por grupo serán diarios, de tal xeito que unha determinada persoa só poderá adquirir permisos unha vez ao día. O servizo de reserva pola internet estará dispoñible as 24 horas do día, logo de introducir o número de DNI e mais o da licenza de pesca.

Rematado o prazo anterior, os permisos dispoñibles poranse á venda de conformidade co disposto

no artigo 35 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio).

Expedición de permisos.

No prazo de 10 días naturais, contados desde a data da escolla, os permisos seleccionados deberán ser pagados nunha entidade bancaria e recollidos no servizo provincial.

En cada servizo provincial facilitaranse os impresos de liquidación de prezos públicos/privados, necesarios para o pagamento do importe dos permisos nas oficinas bancarias autorizadas, así mesmo, estes impresos serán remitidos xunto coas notificacións dos resultados dos sorteos. Os permisos teñen carácter persoal e intransferible; cada titular de permisos debe realizar o pagamento individualmente, mesmo nos casos de solicitudes en grupo.

Nos casos en que non se retiren os permisos persoalmente, o pagamento deberá acreditarse, no mesmo prazo de 10 días naturais establecido no parágrafo primeiro deste punto, remitíndolle por fax ao servizo provincial a copia para a Administración do impreso de liquidación debidamente formalizado. Tamén será posible facelo mediante correo electrónico escaneando a copia citada do impreso de liquidación e remitíndoa ao correo electrónico do servizo correspondente que se indicará na carta de notificación do resultado do sorteo. Nestes casos, os permisos serán remitidos por correo ao enderezo que conste na solicitude.

Outras normas.

A normativa de funcionamento dos coutos será a que estableza a orde anual que regula os períodos hábiles de pesca e normas relacionadas con ela nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada de 2009. Os permisos serán outorgados con esta condición e sen que os posibles cambios na normativa poidan dar lugar a cambios de permisos, agás no caso concreto de que se prohíba a práctica da pesca na data ou no couto obtido.

Segundo o establecido no artigo 7.3º do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997), os permisos de pesca teñen carácter persoal e intransferible. Logo da expedición dun permiso, non se poderá anular nin transferir a outra persoa nin obter o reintegro do seu importe, agás no caso previsto no parágrafo anterior. En todo caso, cando proceda o reintegro do importe, será preciso presentar unha solicitude escrita á que se xunte unha copia do impreso de pagamento no que figuren os datos do titular do permiso.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2008.

Xosé Benito Reza Rodríguez
Director xeral de Conservación da Natureza